

## ÁREA SEGURIDADE E MANTEMENTO

### 12 LIMPEZA VIARIA, PARQUES E XARDÍNS

*"Cando plantamos árbores, plantamos as sementes da paz e da esperanza" WANGARI MAATHAI*



ARASAAC

#### Respecto á concienciación social:

Posta en marcha dun plan de concienciación xeral, con especial atención aos centros educativos a prol dun modelo máis centrado en non lixar.

#### Respecto á xeración de residuos en actos e eventos públicos:

Plan de intervención e sensibilización nas **feiras** cara a eliminación de residuos plásticos.

Plan de medidas de concienciación e xestión responsable de residuos en **grandes eventos** festivos.

#### Respecto ao uso da auga na limpeza de espazos públicos:

Plan de usos responsables da auga na limpeza de espazos públicos priorizando métodos alternativos ao baldeo. Avaliar a posibilidade de crear espazos para a recollida e almacenaxe de auga de choiva para o uso en labores de limpeza pública.

#### Respecto á xestión de arborado urbano e xardíns:

Realización de traballos de **Poda** das árbores urbanas de xeito respectuoso co arborado e seguindo criterios técnicos que impidan que se lles ocasionen danos innecesarios.

Plan de mantemento mensual e estacional dos xardíns e masas arbóreas dependentes do Concello.

Avaliación da posibilidade de **ampliar masas verdes en áreas urbanas** coa finalidade de crear ambientes verdes que melloren a calidade de vida da veciñanza. Aposta polo aumento do arborado urbano para facer máis habitable os cascos urbanos de Redondela, Chapela e Cesantes.

Priorizar o emprego de **plantas perennes autóctonas**, minimizando as plantas perennes estacionais.

Estudo da creación de espazos axardinados urbanos, a modo de **viveiros didácticos**, onde voluntariado poida plantar e coidar plantas ornamentais de xardín, da horta e de monte, que en parte se poidan empregar posteriormente na creación, recuperación ou mellora de espazos axardinados públicos ou zonas forestais protectoras.

#### Respecto a parques infantís e de adultos:

Plan de mantemento estacional dos parques infantís e de adultos.

Supervisión continuada para **evitar elementos deteriorados** e asegurar o cumprimento continuado das medidas legais de seguridade neste tipo de elementos.

Estudar a posibilidade de creación dunha **rede rotativa de elementos de xogo** que poidan ser intercambiados periodicamente nos diversos parques do municipio, evitando que os elementos se volvan aburridos e obsoletos.

Estudar a creación novos de espazos lúdicos e deportivos orientados a **adolescencia**, buscando alternativas ao sedentarismo dixital.